

AUTORIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN Nº 42 DE 15 DE XANEIRO DE 2015

RESOLUCIÓN

Que autoriza a construción dun barco pesqueiro das seguintes características:

<u>Nome:</u>	BURELA-290
<u>Eslora total:</u>	36.62 metros
<u>Eslora entre perpendiculares.:</u>	30.80 metros
<u>Manga:</u>	8.70 metros
<u>Puntal cub.princ.(RE CE 1438/2003):</u>	3.90 metros
<u>Arqueo Bruto (GT):</u>	390.94 (1*)
<u>Tonelaxe Rexistro Bruto:</u>	233.3 TRB
<u>Volume Viveiros:</u>	m ³
<u>VBC (RE CE 1438/2003):</u>	1.198 m ³
<u>Potencia de motor propulsor:</u>	750 CV
<u>Marca de motor:</u>	ABC
<u>Modelo do motor:</u>	6DZC-600-105
<u>Número de tripulantes:</u>	14
<u>Modalidade de pesca:</u>	ARRASTRE DE FONDO
<u>Caladoiro ou Censo:</u>	CANTÁBRICO-NOROESTE
<u>Porto base:</u>	CELEIRO
<u>Estaleiro construtor:</u>	ARMON BURELA, SA
<u>Material de construción:</u>	ACEIRO

(1*): Baseándose no Regulamento comunitario 3259/1994, será ineludible a certificación de arqueo GT ao rematar a construción.

Vista a solicitude de autorización de construción dunha embarcación pesqueira denominada "BURELA-290" formulada por *PESQUERAS BANDOURRIO, SL* e cos seguintes Antecedentes de Feito:

Achéganse baixas adecuadas e suficientes en arqueo e potencia propulsora, segundo o seguinte resumo:

Nome buque	Matricula	Folio	TRB	GT	VBC	CV	Materialización
FICHA SEGUNDO	VILL-1	1-96		205.94		320.00	Perdida accidente
MAR DE MARIN	VI-2	2364		185.00		430.00	Perdida accidente

- O buque previsto reúne os requisitos para o exercicio da pesca na modalidade e caladoiro sinalados.
- Segundo manifestación do solicitante, o buque establecerá o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente emitiu informe favorable na data, 22/12/2014 (expediente núm. 4721).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente fotocopia foi computada co seu original, concordando fielmente.
Santiago, 22 de Xaneiro de 2015
A XEFA DO NEGOCIADO DE RENOVACIÓN E INNOVACIÓN DA FROTA



Asdo.: Belén Prado Vaamonde

Fundamentos de Dereito:

Esta Comunidade Autónoma é competente para resolver os expedientes de autorización de construción de buques pesqueiros, a teor do artigo 16 do Real Decreto 1549/2009, do 9 de outubro. A autorización outórgase sen prexuízo das competencias doutra orde establecidas no Real decreto 1027/1989 do 28 de xullo, e é previa nos termos do artigo 62 do citado Real decreto.

O proxecto de construción reúne os requisitos establecidos nos artigos 2 e seguintes e conta co informe favorable referido no artigo 13 do Real Decreto citado.

En consecuencia co anterior procede autorizar a construción solicitada, coas seguintes condicións:

A autorización realízase para o buque das características reseñadas no encabezamento desta resolución.

Esta resolución ten unha validez de dezaioito meses contados a partir do día 22 de decembro de 2014 dentro dos que se iniciará a construción do buque, que deberá entrar en servizo antes de transcorridos tres anos contados dende o inicio da construción.

Para calquera modificación dos parámetros de GT, Volume Baixo Cuberta, Potencia do Motor Propulsor, Caladoiro, Censo ou Modalidade de Pesca do buque que se pretende construír ou cambio das baixas aportadas ou propietario, terase que ater ao disposto nos Artigos 14 e 15 do Real Decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

Nembargante, a Subdirección General de Caladero Nacional, Aguas Comunitarias y Acuicultura, comunica que segundo o artigo único Tres, Orde AAA/417, de 17 de marzo, pola que se modifica a Orde AAA/1307/2013 de 1 de xullo, polo que se establece un Plan de xestión para os buques dos censos do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste, este buque non poderá dispoñer das cotas do "FICHA SEGUNDO". Polo que respecta ás cotas do "MAR DE MARIN" e tendo en conta esta mesma normativa, ó ter sido aportado este barco afundido polo mesmo armador si poderá o "BURELA-290" dispoñer das cotas de que aínda dispón o "MAR DE MARIN".


Por todo o que antecede,

RESOLVO:

AUTORIZAR a construción do buque "BURELA-290" coas características e condicións anteriormente establecidas.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2015
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Perdido de Mar, Orde 30.03.2012 (DOG. Núm.70, 12.04.2012)
Secretaría Xeral do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
A XEFA DO NEGOCIADO DE RENOVACIÓN
E INNOVACIÓN DA FROTA



Asdo.: Belén Prado Vaamonde

10